

MEMORIA HISTÓRICA DE CANGAS 3.1

ENTREVISTA A LOLA RODAL



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_SaVi_0069_000_en_0_00_00_id521_D

AUDIO DE REFERENCIA: MPG_SaVi_0069_000_en_0_00_00_id521

TIPO DE DOCUMENTO: ENTREVISTA

RESUMO / DESCRICIÓN

Esta ficha recolle a primeira parte dunha entrevista realizada a Lola Rodal Blanco por unha traballadora do Centro de Documentación de Historia Local de Cangas. Nela, Lola relata como era a vida durante a súa infancia e xuventude en Cangas: as formas de pesca tradicional, o traballo nas fábricas de salga e conserva, os inicios do asociacionismo de mariñeiros e traballadoras do mar e as primeiras folgas e conflitos, a escola, o cine, etc. Na última parte da entrevista fala da represión que sufriu a súa familia a partir do golpe de Estado de 1936 pola súa relación co sindicalismo mariñeiro e a vinculación co goberno republicano de Cangas.

DATOS DA ENTREVISTA

- **DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 11/12/ 1999
- **INFORMANTE:**
Nome: Lola Rodal Blanco
Idade no momento da recollida: 78 anos
Lugar e data de nacemento: Cangas, 03/03/1921
- **RECOLLEDOR:** Centro de Documentación de Historia Local (CDHL). Nome da entrevistadora descoñecido.
- **COMPILADOR:** Iago Santos Castroviejo
- **COLECCIÓN:** SaVi
- **LOCALIZACIÓN ONDE SE FAI A ENTREVISTA:**
Lugar: Cangas
Concello: Cangas
Provincia: Pontevedra
País: Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

Transcritora: traballadora do Centro de Documentación de Historia Local (CDHL).
Nome da persoa descoñecido. Revisión do APOI

A informante posúe un marcado acento da costa pontevedresa e emprega a gheada e o seseo. Tamén son frecuentes os castelanismos e os localismos.

A transcripción fíxose respectando a pronuncia da persoa. Nos casos en que determinadas palabras ou expresións poidan xerar confusión, estas van acompañadas dunha nota a pé de páxina para aclarar o seu significado. Porén, para non entorpecer a lectura con aclaracións constantes, moitas palabras e expresións coloquiais transcribíense tal cual foron ditas e sen ningún tipo de aclaración.

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos pechados por parénteses “(...)” son inintelixibles e non se puideron transcribir. Os parénteses “()” indican expresións xestuais da informante e os corchetes “[]” indican aclaracións da transcritora.

PALABRAS CHAVE

Cangas , mariñeiro , atadeira , ardora , xeito , barco de remos , fábrica , conserva , salga , Alianza Mariñeira , Casa do Pobo , comercio , balandro , transporte , cine , escola , mestra , mestre , sindicalismo , muller , dereitos sociais , CNT , Partido Socialista , folga , cárcere , familia , represión , exilio , II Guerra Mundial , Lorenzo Corbacho Rodal

REVISIÓN DA TRANSCRICIÓN E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

NOTA: Esta entrevista é a primeira parte dunha entrevista completa. A segunda, terceira e cuarta partes pódense atopar nos seguintes rexistros do APOI:

Memoria Histórica de Cangas 3.2. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0096_000_en_0_00_00_id536

Memoria Histórica de Cangas 3.3. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0070_000_en_0_00_00_id522

Memoria Histórica de Cangas 3.4. Entrevista a Lola Rodal
MPG_SaVi_0071_000_en_0_00_00_id523

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- **P .-** Díxome que usted nacera aquí, nesta mesma na casa
- Si, mesmo na casa. Fumos o matrimonio - meu pai e miña nai - e tiveron seis fillos.
- **P .-** Como se chamaban seu pai e súa nai?
- Meu pai José Rodal Lanzós
- **P .-** E súa nai?
- Miña nai Dolores Blanco Montes
- **P .-** E os seus cinco irmáns?
- Cinco irmáns: un José, Ángel, Antonio, eu e Pilar. Como se facía antes: morría un e poñíanlle o nome a outro. Eu sei que tivo sete fillos e despois quedamos cinco, morreron dous
- **P .-** E seus pais xa vivían aquí nesta casa ou quen era ...?
- Esta casa xa era dos meus bisabuelos, dos abuelos de meu pai. Cando meu pai se casou veu vivir p' aquí. Esta casa xa ha de ter polo menos douscentos anos. A construción da casa. A douscentos non chegará, pero cento ochenta ten que ter, porque meu pai xa tiña cento catorce anos, se vivira - morreu de noventa e sete e xa hai dezaioito que morreu -. E despois xa non salimos de aquí. Aquí nacemos todos e aquí todos, e agora, de todos, quedei eu. Cada un ten a súa ... Meu irmán está en Francia, o maior, a outro matáronmo, miña irmá vive aquí, no puerto, e quedei eu, e aquí vivo.
- **P .-** E a que se dedicaban seus pais?
- Meu pai era mariñeiro, e miña nai traballaba en almacéns que había antes moito, vamos, fábrica de pescado. E tamén era atadora¹ de aparellos, era atadora de redes dos mariñeiros.
- **P .-** E para quen traballaba ou en que almacéns?
- Traballaba para os barcos, que en Cangas había moitos barcos antes. Cangas era un dos puertos pesqueros gallegos con máis flota de barcos; e ademais barcos todos de aquí, todos de xente armadora de aquí. Había casa que tiña dous barcos da ardora, - de palometa e diso non, daquela en Cangas non se estilaba iso cando eu era pequena -; ardora e bonito.
- **P .-** A arte máis corrente...
- A arte máis corrente; bueno, antes diso, eu xa non recordo pero oíra contar aos meus pais que antes do traballo da arte de cerco de barcos grandes había o xeito, os barcos xeiteiros.
- **P .-** En que se diferencian?, vostede podería dicirmo?
- Pois se diferencian, porque (...) todos pequeniños; non habían barcos de máquina... Había barcos de remos ó primeiro. Meu pai andivo toda a vida de chaval - dende os once anos que anduvo no mar - andivo sempre en barcos de remos; ían a pescar o peixe a montón, non é coma agora. Ibas á Rodeira, contaba papá, e na desembocadura

¹ En adiante atadora = atadeira



do río ese - que agora xa non hai río nin hai nada -, aí largaban un aparello de arte e collían salmonetes, lenguados... de todo! E eu aínda recordo aí no muelle² este...

- **P .-** Sen saír de aquí, non?
- Sen saír de aquí, porque antes esta ría nosa era unha cousa nunca vista. Eu aínda recordo nesa pedra que hai aí - agora todo é unha porquería -, nesa pedra que hai despois desas fábricas, esa pedra que se ve aí, que queda descuberta; aí, cando era chavala, baixábamnos ás ameixas aí, e movíamos unha pedra e saía unha nécora, saía un anguiacho³, saía unha martilonga. Aí sempre había pescado; e agora todo acabou, agora todo acabou. E pescar os rapaces no muelle que había en Cangas, - agora hai moitos muelles- , a pescar con anzuelo: xureliños, fanecas, maraghotas, serráns; todo se pescaba alí. O vapor entrando e saíndo para Vigo e os rapaces pescando alí.
- **P .-** Entón os barcos por iso saían nun día e viñan no mesmo día
- No mesmo día. E a arte do xeito eran unhas... daquela eran de algodón non eran de nailon coma agora, eran de algodón que había que ir...
- **P .-** As redes
- As redes eran de algodón; había que lavalas, ben lavadas, para sacarlle a porquería e secalas, senón pudríanse.
- **P .-** Cada vez que se utilizaban?
- Eso. Claro. Lavábanse, pero o xeito era un fío moi finiño cunha malla segundo fora a cosecha. Cando había “xoubeta”, servía para lata para as fábricas, era a malla así; cando era para a sardiña era unha malla máis grande. Pero esa arte, esa maneira de pescar, non despescaba⁴ o mar, porque a que era pequena colaba e a que era grande quedaba mallada, mentres que cos arrastres arrástrase todo. E cando viñeron os motores xa para a arte de cerco, a xente protestaba, houbo manifestacións. Iso foi no ano oito, no ano oito. Houbo manifestacións...
- **P .-** ¿Por que o cerco que ten, unha malla distinta?
- Non, non, ¡o cerco colle todo!, mentres que a arte do xeito, por exemplo, poñen aquí unha boia e van lar..., son moitas, son o mellor un aparello de oito ou dez brazas de alto, pero son longas, e átanse unhas con outras, ó mellor unha extensión como de aquí a Massó, está todo así estendido, e o animal vai pasando e se é pequeniño, cola, e se é grande pois queda mallado, ¿entendes? E sempre había peixe miúdo, porque agora matan todo; matan o pequeno, matan o grande, e non habendo nai non pode haber fillos, ¿por que se despescou?
- **P .-** ¿E a ardora?
- A ardora é os barcos, aínda andan agora, pero eu acordo os barcos pero de cheminea, de caldeira, que había que botarlle carbón ou leña gorda, e cantaban presión e ben. E os aparellos de cerco eran corcho por arriba, plomo por abaixo e unha embarcación por eghemplo aquí collía o tiro p’aguantar o aparello e despois ía a ardora estende, estende, estende, polo mar abaixo, e despois da que tiñan o peixe no medio, o mariñeiro antes de botar o aparello ó mar, antes xa tiña que ver cos ollos, pero agora viñeron os radares, e os radares xa saben onde están o peixe, están aquí e ó mellor a un quilómetro

² En adiante muelle = peirao

³ Congro pequeno

⁴ Con esta expresión parece indicar que a arte do xeito non esgotaba os recursos.



xa miran o peixe; entón van ata alí, miran que está o banco do peixe xunto, porque as sardiñas van á mesma profundidade dunha altura enorme e dunha... antes, agora non, entón ían cercando, cercando, cercando aquel monte de peixe, entón por abaixo tiñan coma unha ghareta⁵...

- **P .-** Unha..?
- Unha ghareta... coma unha bolsa. Entón aquela ghareta íase apretando, apretando, apretando, e quedaba coma se fose un colador; e despois cuns trueles - que eran unhas cousas de malla, coma se fosen uns ganapáns - íanse botando. Pero tres ou catro centas cestas de pscado traíanse!
- **P .-** Iso era moitísimo
- Iso era unha bar.. Mira, eu recordo, cando sendo pequena – bueno, xa era moza daquela - por eghemplo, (...) tiempo a sardiña vai perdendo a graxa, e despois quen fabricaba nese momento a (fábrica de) conserva - das de conserva en lata - xa non querían a sardiña porque xa non tiña graxa, entón xa non lle conviña, e quen facía o fuerte da sardiña? Eran as salazóns⁶: en Santa Eugenia de Ribeira⁷, en Villagarcía⁸, en Villaghuán⁹. Aquí había tres ou catro fábricas... polo menos seis fábricas de salazón, que collían a sardiña conforme viña, así fresquiña, metíana nuns grandes lagares fondos, enchíannos de sal, tapaban cuns e coma se estivesen nun subterráneo
- **P .-** Iso cando vostede era moza
- Cando era moza
- **P .-** E esas tres fábricas de salgueirón cales eran?
- As do salgueirón, había na punta - onde era a ballenera de Massó; era de Don Darío; chamábase Don Darío Lameiro -; había a de Cervera; a de Massó - acordo a de Massó vella aínda, eh?, a de Massó, non esa grande-
- **P .-** Aquele de salazón aínda, porque despois a outra foi de conserva
- Non; a de Salgueirón de Massó, cando eu recordo - cando tiña sete, oito, nove, dez anos - había a fábrica vella que aínda está, o que pasa que despois ¿ti non sabes...nunca tes ido á de Massó? Non sabes a guardería dos nenos, onde era a guardería?, non sabes que hai unha casa e despois hai así como un almacén e logo hai unha fonte, así que ten unha.. que hai unhas escaleiriñas p´arriba? Antes de chegar á entrada principal da fábrica de (...) pois esa era a fábrica que tiña Massó; desde esa entrada principal, aí había unha baixadiña, había unha praiña, e desde aí para acá hasta o ghardín, esa era a fábrica de Massó. E había a de Lameiro, a de Cervera, que (...) hai pouco, había unha alí arriba que se chamaba Ignacio, había outra aquí que se chamaba ...
- **P .-** A de Ignacio que me di é esa que di que se coñecía como Chamadoira?
- Si, a Chamadoira. E logo había onde traballaba miña nai no almacén, que era onde está a casa Macillos, por aí. Sabes onde está o bar de Macillos? Estaba alí.
- **P .-** Como se chamaba esa?

⁵ En diante ghareta = xareta

⁶ En diante salazón = salga

⁷ Santa Uxía de Ribeira

⁸ Vilagarcía de Arousa

⁹ Vilaxoán



- Eu cando recordo chamábase a de Daniel de Montes, que era un primo da miña nai, Daniel Montes. Aí estaba esa fábrica e máis estaba a Alianza dos mariñeiros; o edificio onde se reunían.
- **P .-** A sede...
- A sede, chamábase a “Casa do Pueblo”, que era de pedra feita, que a fixeron os mariñeiros.
- **P .-** ¿Onde estaba a sede de Alianza Mariñeira era a que se coñecía como a Casa do Pueblo?
- Claro, era a Casa do Pueblo. ¿Que é iso? “Vamos á Casa do pueblo a facer unha reunión”. “Aí, hai unha reunión na Casa do pueblo; ven falar fulano, ven falar citano...” Pero aí ten habido... E despois a fábrica de Eiroa, que é pola parte de atrás, como che diría eu, ¿sabes ese edificio que hai o bar dos “chinitos” abaixo?
- **P .-** O restaurante chino que hai agora?
- Toda aquelas naves que hai por detrás - que fixeron unha casa moi bonita por detrás agora alí -, subindo aquela costa que fai así, todo por alí había... - que despois comprou, bueno; comprou máis vendeu, Gelucho Azpeitia, ¿non sabes?
- **P .-** É familiar do que tuvo os astilleiros¹⁰?
- Non
- **P .-** Digo polo apelido, Azpeitia
- Non, non sei. Pois eso tamén era unha fábrica, que exportaba pa... porque antes a conserva española, e de moitos sitios, ía para Italia, para Grecia, para todos os sitios, porque non había!. Pero hoxe os xaponeses agora nos invadiron todo (ton baixiño), e a xente non come coma antes. Ben, despois había esas...
- **P .-** E a de Chamadoira onde estaba, que non me dixera antes?
- A de Chamadoira estaba ¿non sabes o cruce que ..., da pedra alta, despois de pasar a gasoleira que baixa p´a de Massó? Pois a este lado, onde hai edificios, hai unha calle que vai dar para a carretera nova. Pois alí era. Eran unhas fínas así, altas, e alí estaba unha fábrica. E despois había aquí a que fai esquina fronte o concello, aí polo concello para arriba, hai unha fábrica; hai unha nave, hai moitas naves iguais onde Ojea, alí chámase o muelle de Ojea, pois alí había unha fábrica de Pillín; Pillín Navarro. Don, como se chamaba? Pillín Navarro que era, non sei de onde era. E despois había a de Montemerlo, que é onde está agora lon Levita, ¿non sabes?, ese fabriquin¹¹ que hai aí, ¿non hai unha fábrica aí, indo pra parte de abaixo da alameda esta, non hai unha fabriquiña aí?
- **P .-** Ó acabar a alameda de ir...
- De aquí
- **P .-** Desta zona
- Ó acabar aquí a alameda non hai unha fabriquiña aí na esquina, non sabes?. Pois esa era duns italianos, chamábase de apelido Montemerlo. E tiñan fábrica de por egemplo, de conserva; pero tiñan fábrica tamén de salazón no forte. Ti sabe-lo Habana?, non sabes

¹⁰ Estaleiro

¹¹ Refírese a unha fábrica de pequenas dimensións

unhas ruínas que hai alí? Pois esa fábrica ía dar ó forte, só que era de salazón; non era de empacar en latas. Era de facer salazón.

- **P .-** As outras todas que me comentou antes, de que eran, de conservas todas?
- De conservas e algunha de salazón; esa que che digo eu que estaba xunto a Casa do pueblo, esa era de salazón.
- **P .-** E cal máis era de salazón?
- Non máis. De arenques. Porque a salazón era de facer arenques. Era un local grandísimo, e era coma uns pilóns¹² grandes, fondos; que había que baixar en escaleiras para coller, para botar a sardiña, botarlle sal, baixabas por unhas escaleiriñas...
- **P .-** Tiñas que baixar ó pilón?
- Ó pilón e a xente iba botando. Os homes traían uns caixóns no lombo, todo no lombo, nun muelle pequeno que había, e bota alí, e claro, despois outra persoa dende arriba: sal, moito sal, moito... e ían envolvendo coa pa, envolvendo. E despois aquel peixe estaba así, non sei qué tempo botaría, e despois quitábase de alí, lavábase moi ben lavado, sacábaselle a cabeza, só a cabeza - coa “guerla” quitáballe a cabeza -; ben lavado, e despois nunhas cousas que había de madeira que se chamaban cascós, que se facían na mesma fábrica, que había un home que as facía dunha madeira así de..
- **P .-** Eran como caixas ou caixóns?
- Non, non, eran redondos coma se foran...
- **P .-** Pilóns ou algo así?
- Non, pero máis baixos; canto máis baixiños mellor era. E despois ías colocando, ben postíño... E a parte de arriba, xa por eghemplo, as mulleres que estaban collían o pescado e collían e descabezaban así, e despois ían poñendo como se fose un abanico na man e plaf!, e ían poñendo todo así, e a última parte de arriba escollían a sardiña máis bonita. Por abaixo ían cos lombos para arriba, e na parte de arriba tíñanlles as barrigas para arriba para que a sardiña... Aquelas sardiñas brillantes, conforme as botabas, así as collías; como ían vivas para o sal e eran brillantes cheas de escamas, eran prec... e iso, despois da que se poñía moitos, moitos, moitos, moitos, viñan mulleres que facían iso. E despois pois poñían unhas cousas así altas e unhas torniquetas¹³ coma quen fai o viño; poñíanlle uns papeles absorbentes por encima, unhas táboas pequeniñas, unhas pedras moi fortes, e aperta, aperta... aqueles, coma os zumes do viño.
- **P .-** Sí, como un lagar
- Un lagar. Aperta, e ían soltando a salitre e parte da graxa, e todo aquilo, e todo aquilo ía por un cano - porque era unha altura así de de pedra - e despois iso recollían; non sei qué facían con el, non sei qué facían. E despois de todo iso, da que estaban preparados, cerrábanse os cascós con táboas; xa viñan homes especiais, xa nas fábricas, e despois mandábanse para aí. Viñan galeóns de vela, de vela e de remo, que non había maquinaria, e levaban todo iso para Vigo, e en Vigo pois os mercantes levábano para Italia, para todos os sitios.
- **P .-** Non eran en balandros os que máis...?

¹² Píos, pías moi grandes

¹³ Refírese a un parafuso para prensar o alimento, como os que se usan na elaboración tradicional do viño

- Claro, en balandros, claro. Eran balandros, aquí en Cangas non había supermercados como agora, viña todo de Vigo, había balandros en Cangas dos Sebos, dos Botinas, dos Necoretas... Tiñan xa bodegas no mesmo muelle e viña a mercancía nos mesmos balandros deles, e despois repartían os homes polas tiendas.
- **P .-** Porque en coches non viña nada, non había coches daquela?
- Coches había, eu recordo unha liña, chamábase “Compañía Nós” e había outra que se chamaba, non me acordo agora o nome, sei que era un Lancia, uns coches que habían que eran moi altos.
- **P .-** Non era un autobús como os de agora?
- Eran pero máis ... eran altos dunhas rodas así, e había que montar así, a altura, e tiñan, na cabina do chofer, tiñan unha unha bucina por fóra e unha pera, “pi, pi, pi”, pitaban así; como eses coches antigos que se ven, e subían pola calle Real todos, por aquela vía que era nova, subían e baixaban pola calle Real, ían de aquí a Pontevedra.
- **P .-** Por que non había por aí...?
- Había; por abaixo ía outra. A Nós ía por abaixo, pero ..
- **P .-** Estaba peor?
- ¿Peor, como? Ó chegar a Borna, ninguén quería ir por abaixo, porque era unha carretera estreitiña así, había volta e volta... e o mar alá abaixo!
- **P .-** Pasaba a rente o mar, non?
- E que pasa a rente o mar. Pero agora esa carretera está un pouquiño máis ancha
- **P .-** E máis está máis metida para aquí, hai un paseo despois da carretera, non?
- Non, para Moaña non, eu dígoche para Moaña. Saían de aquí, do muelle. Ás dúas saían do muelle, e onde están esos casetos, saían por aí, e ían para Pont.. ¿Tí sabes inda o que hai despois do puente de Rande a Pontevedra?, cantos quilómetros hai inda!, fíxate ti. Agora a carretera está arregalada, que antes eran curvas, curvas, estreitiña... Agora colleron anchearon a carretera, que antes había unha carretera moi estreitiña, era moi peligroso.
- **P .-** E por aquí o tráfico que iba de Cangas de un lado a outro, xa non iba por aquí..?
- Non había tráfico. Había carros de bois, ¿que tráfico?
- **P .-** Non había ningún coche particular?
- Había, eu recordo no punto, cando eu era chavalita, recordo.... un, dous, e despois viñeron outros dous. Eran..
- **P .-** De quen?
- Todo estaba no muelle. Coñeces o da Mariña, ti? Pois aí, un pouquiño máis para alá, eu recordo alí catro coches de alquiler. Estaba Miguel Piñeiro, Ernesto Piñeiro, Novas - un de Bueu - e o Charrúa - un de Aldán -. Eran os catro; eran os catro cousos que había.
- **P .-** Ou sexa, que os coches que había eran para alquilar.
- Para alquilar. E levábanche a Pontevedra cinco pesetas por levarte, e a Santiago cinco duros.
- **P .-** Claro, alquilábalo, pero con chofer
- Claro. E levábante. Como agora, igual
- **P .-** Si, non; porque agora hai coches para alquilar pero alquilaas o coche e ti conduces.



- Ai, non. E quen conducía? Pero quen conducía en Cangas? Ai! despois veu Pepe, veu un de alá de Rianxo, tamén.
- **P .-** Pero máis tarde
- Máis tarde non, tería eu por aí uns dez anos, daquela. E, quen sabía conducir?
- **P .-** E como eran eses coches, eses catro..?
- O de Pepe xa era un coche forte, negro; non sei se un mercedes, que llo regalou un señor que veu de Buenos Aires, e era chofer particular del. Era señor era dueño da casa onde está o Batel; o Pelotitas, na rúa Real; esa casa, ese baixo, esa casa, a casa de enfrente, alá vella que está , e a outra vella tamén.
- **P .-** Era do mesmo home ese que viñera da Arxentina?
- Eran do mesmo dueño. Bueno, del non, eran duns tíos. Agora son casas vellas pero daquela eran as casas máis boas que había por Cangas, porque Cangas.....
- **P .-** Había poucas casas tamén, non?
- Poucas casas. Hoxe, desde o ano 21 que nacín eu ata agora, somos corenta veces, cincuenta veces, sesenta veces, ochenta veces máis xente!, porque agora hai xente de tódolos sitios. O paseo noso cando eu tiña 14 anos, o paseo da ghuventú¹⁴ era da esquina da calle Real hasta arriba, hasta onde hai aquela fonte (...) por onde está o grupo escolar dos rapaces; de alí para abaixo, de abaixo para arriba, de arriba para abaixo, de abaixo para arriba, porque non había máis ca un cine, e para coller unha entrada de cine, que che valía un real, tiñas...
- **P .-** Cal era o cine?
- Era o cine de Saturno. Chamábase Saturno o que tiña alquilado. Xunto a calle Real, baixando a igrexa, aquela costa que subes así; sabes que despois hai a rúa de Franco que se baixa así? Non a rúa por onde van os cadáveres, non, a outra. Esta é a igrexa, deixas a igrexa; hai aquela rúa que vai así, ¿non?, que vai así, así, a outra!
- **P .-** Ou sexa, a que está ó lado da igrexa?
- Non, a outra. Que se chama a calle de Franco. Calle de Franco, pero non de Franco o do cabrón, Franco dun hermano¹⁵ del, que era aviador, chamábase Ramón, e antes da guerra, ou moitos anos, atravesou el e máis Franco, Durán e Ruíz Leal: eran tres aviadores que atravesaron desde Puerto de Palos - onde saíu Colón- , a Buenos Aires, todo nun trayecto. Foron os primeiros que atravesaron...
- **P .-** Entón a rúa esa tiña nome de...
- Entón era calle de Ramón Franco, e sigue. Non era de Franco o dictador, non, era hermano dese. Nunca o mencionou, el nunca falou dese irmán nada, porque era da República, era republicano, non era coma el. Ben, era moito máis vello que el.
- **P .-** Entón nesa calle nada de ...
- Aí, por eghemplo: deixa a igrexa, ves que hai un edificio grande todo de pedra, que é de...
- **P .-** Que hai alí... venden mobles no baixo
- Aí mesmo era o cine! Pero non como está agora, eh.
- **P .-** Aí, onde venden muebles abaixo?

¹⁴ Xuventude ou mocidade; xente nova

¹⁵ En adelante hermano = irmán



- Non, é era a primeira esquina; na outra esquina que hai unha cousa de non sei de qué. (baixa o ton de voz). Hai está a sede do PP (...)
- **P .-** E despois ó lado, nese edificio que fai esquina que venden mobles, ó lado hai un café; unha cafetería nova pegada, nese mesmo edificio.
- Ben, pois nesa cafetería é onde era o cine, pa dentro. Vas pola calle abaixo e aínda están as mesmas portas de saída. Entrabas por aí e saías por aquí.
- **P .-** Si, porque ese edificio é o que fai esquina. Ou sexa, a cafetería fai esquina
- Ben, pois nesa cafetería
- **P .-** Nun é o de mobles e noutro a cafetería
- A outra, pero aínda queda un pedazo que aínda hai alquileres arriba, pero bueno... Pero era un.... de mala maneira!, tiñan na porta, cando quería empezar, “titirintrrrrrriinn”, un timbre que tocaba. Era unha cousa vella.
- **P .-** Foi o primeiro cine que houbo en Cangas?
- Eu non recordaba outro.
- **P .-** E no tempo dos seus pais tamén o había?
- Meus pais, non sei sei... Pero ese cine xa, xa a min morreume unha veciña aquí, que estaba de criada na dueña desa casa toda, que era das da Cabanelas e era unha rapaza de trece anos e xa ía a ese cine, e morreu de noventa e catro. Hai dous anos - tiña noventa e seis agora -; ese cine debe ser do ano dezasete, ou dezaioito ou dezanove, ese cine de Saturno. Valíache un real; tiña a general abaixo e tiña butacas arriba. E ó general, ían todos os rapaces golfeiros; entraban pola última porta. Había un ghaliñeiro, que era onde...e valía un real
- **P .-** Un real no general?
- Un real no general, e arriba ían as señoritas. Había despois, na entrada mesmo, había así un dosel de pelo¹⁶ rogho e unhas cuantas butaquiñas que eran para esa xente así máis distinguida; pero a xente ía para adiante. Eu daquela xa paghaba, cando, despois que fun xa unha pollita de dose, catorse ou quince anos, e xa paghaba non sei se unha peseta...xa non me acorda
- **P .-** Mire, e era cine sonoro xa?
- Eu aínda o acordo mudo, as películas
- **P .-** Hasta que época había cine mudo?, a que anos cambiou?
- Pois o cine mudo, o cine que veu para Cangas, ou para Vigo, - para Cangas veu máis tarde -. En Vigo o cine sonoro empezou vouche a dicir....
- **P .-** En Cangas, ou mellor en Cangas.
- En Cangas, bueno, pero a xente ía a Vigo. E en Cangas non che... pero debeu ser alá polo ano trinta ou trinta e un.
- **P .-** Cantos anos tiña vostede? Ó mellor acórdase dos anos que tiña
- Eu daquela daquela tiña trese anos. Inda non había desa. Debeu ser no ano trinta e un ou trinta e dous que veu o cine de novo pa Cangas, porque no trinta e seis foi a guerra e (...) daquela era perigoso. E no mudo fan *Fan e Claudiné*, que eran dous huerfanitos. Eu quería ir co meu pai, e cómo íamos miña irmá e máis eu, que eramos pobres daquela, levábanos á general, pero sempre nos collían un sitiño, porque a parte eran

¹⁶ Veludo



malos: tiraban - porque había fóra postos - castañas nese tempo, asadas das asadeiras cunha tixola, e despois traían as mondas e tirábanllas e pasabámolo así... Bueno, pois películas de boberías; as películas de Charlot.

- **P .-** As mudas, non?
- As mudas si, de Charlot, ¿como se chamaba?
- **P .-** Baster Keaton, ó mellor?
- Tamén de Baster Keaton simpáticas; pero as de do que fixo despois “Luces de Candilejas”...
- **P .-** Charles Chaplin
Charles Chaplin, é verdade, desas! E así: documentales dalgunha guerra, pero todo unha.... todo “trtrtrtrtr”... Non era boa máquina e sentías “tarrrrrrr” á par da máquina... era unha máquina moi vella, e ás veces, “plaf!”, “Saturno!”. Cando había un apagón “Saturno!”, a petar os rapaces. Era a risa. Así que había un nada: pumba, porque daquela a luz aquí tamén era unha porquería: estaban os cables todos por fóra; nada que había, xa había avarías, sempre. Andaba un empleado da Fenosa, que é moito máis vello ca min, e dicíame el “non te acordas cando andabamos coas escaleiras ó lombo? Ai, ven a tal calle que se avariou...”. Andabamos a enredar, ben. E despois claro, eu neste tempo inda era unha, tiña trece ou catorce anos; e despois ós quince anos, no ano trinta e seis veu a guerra e... xa esta casa xa foi un descalabro, todo (baixa o ton).
P .- Tiña vostede quince anos?, e antes... non se me poña así, antes diso, como.....?
- ¿Como era a nosa vida?
- **P .-** Si, cómo era, qué actividades había...
- Activades, mira: aquí en Cangas, unha persona pobre, os homes se non ían ó mar, se non eran mariñeiros, os da aldea estaban a cavar, e a cousas de aldea. Se non eras mariñeiro ou eras peluqueiro, ou carpinteiro, ou follalateiro, ou ... nada máis. Non había nin imprentas nin... Ías á esuela e as escolas eran unha porquería. Fíxate ti o que era en Cangas: os chavales de Coiro tiñan que vir ó Forte á escola, tiñan que vir ó Forte á escuela!
- **P .-** Non había ningunha en Coiro?
- Nada, fixérona na República. O ayuntamiento de Cangas foron alá a inaugurala – acórdome, era unha rapaza eu - no Castrillón, nun local alí. Porque tiñan que vir de Coiro ó Forte, pobriños!: descalciños, tapadiños... ¿quen tiña un paraguas? tapadiños cuns sacos... Ti sabes o que é vir de alá, volver a comer e despois volver? Así é que os rapaces non aprendían nin querían ...
- **P .-** Mire, e cales eran as escolas que había cando usté era nena?
- Cando eu era nena, mira: subindo a rúa San José, ¿sabes que hai unha tasca á terminación onde fai o cruce das rúas que van para o cemiterio un e para Ramón Franco outra, aquela casa que hai unha tasca no baixo? Alí era a miña escola, arriba.
- **P .-** E quen daba clase?
- Daba doña Perfecta Sitoula, mala coma un demonio.
- **P .-** Perfecta?
- Sitoula
- **P .-** Sitoula?



- Si. E o marido tiña a escola de rapaces naquel patio que hai - que quedou así aquela casa, tal e como era -, xunto á igrexa, que hai un patio...non sabes, unha casa branqueada de branco? Antes de subir aquelas escaleiras da igrexa, indo por esas calles de arriba, ó entrar na... onde é o mesón da tortilla; aquel patio que hai alí? Alí era a escola do marido.
- **P .-** Como se chamaba o marido?
- Era don Manuel Mosquera e ela doña Perfecta Sitoula, ¡mala! non tiña fillos... ¡mala! era como... Fíxate ti que lle puxeron “o Cabalo”. Era unha muller así, alta, e dicía ela, porque tiña moito desprezo con toda a xente de Cangas. Era moi soberbia.
- **P .-** Non eran de aquí eles?
- Ela era de Rianxo e el non sei de onde era. Ela era gallega. E vivían, sabes onde vivían?, non sabes onde hai ese comercio de Indalecio, aí, de roupa?
- **P .-** O novo ou o vello?
- Este novo de aquí. Antes non era así; era alto. Había unha galería: pois aí vivían eles. Non tiñan fillos e antes o (...) pagáballes aos mestres a casa, a parte do sueldo que gañaban - ó mellor cincuenta pesetas; ou menos, daquela era menos -, e se estaba nun pueblito, pagábanche a casa; pero eles como eran dous, e non tiñan fillos, non lle ían pagar a un e a outro, eles cobraban dúas casas. Entón cando veu a República, no ayuntamiento díxéronlles “ vamos a ver”...
- **P .-** Non necesitan dúas casas
- Ademais esa casa, que era unha das mellores de por aí abaixo todas...

(Breve corte por cambio de cara na cinta. Tras esta interrupción continúa falando da súa etapa na escola e da súa maestra)

0:31:08

- (...) tiñan, e cando veu a República daquela, aí ela!. Meu pai que era conceghal¹⁷ no ayuntamiento, aí! quen a quería oír! Sempre con indirectas contra min. Cantos que tivemos que salir da escola porque facíanos a vida imposible, era malísima. E fíxate ben, mira: (baixa a voz) mordíache así as orellas cando... Éramos trinta e tantas rapazas, pero tiñamos...
- **P .-** E os pais tampouco protestaban daquela.
- Porque daquela, meu pai andaba... Mira, eu comprendo que hoxe, tamén é un abuso o que fan dos mestres, a verdade, e tamén... Pero antes... Eu quería aprender, porque me gustaba aprender, ¡pero non podía!, porque eu sabía a lección de cabo a rabo e de rabo a cabo, e cando me chamaba á mesa, eu xa temblaba, eu non me... E ela comprendíame, que era así. E despois cando foi da República, (...) era unha fascistona, unha monarcona daquela; a unhas cuantas releghouos: unha prima miña - que xa morreu a pobre - Teresa Blanco, e a Obdulia Chimé; unhas cuantas que xa son agora mulleres de ochenta anos todas, éramos... E había uns bancos así largos e púxonos a

¹⁷ En diante conceghal = concelleiro



todas, - sempre andábamos xuntas -, “aí viene la compañía de seguros”. E poñíanos nun banco largo, cara á calle, e de espaldas para ela e para as demais raparigas

- **P .-** Afastadas do resto da clase?
- Si, si
- **P .-** Como castigo?
- Como castigo. E eu era da... porque había seccións: sección primeira, sección segunda. As fillas dos gardas civís e as medias ricas de Cangas, anque foran unhas burras, tratábanas nas primeiras seccións: todas diante dela nos pupitres - había uns pupitres, non sabes?, uns pupitres de dúas persoas; cada un tiña o seu tinteiro da tinta e para escribir coa pluma, tiña as outras cousas debaixo de alí -; a esas, as de plana maior, xa eran as fillas de gardas civís.
- **P .-** Seccións que eran: distintas tandas ou turnos?
- Non, non. Por eghemplo: se ti eras de primeira sección, quere dicir como dicir agora, máis preparadas. As da primeira sección eran as que sabían máis
- **P .-** Como se houbera distintos cursos, ou non? Porque estaban de todas as idades alí.
- Non, había de sete... de oito ata catorce, porque non había escola de párvulos¹⁸, cando eu me criaba, non había párvulos.
- **P .-** Estaban todos os cursos xuntos?
- Todos xuntos! E todo se aprendía nun libro: geometría, xeografía, historia de España, historia sagrada; todo nun libro.
- **P .-** Entón a sesión era...
- As máis adiantadas. O nivel, o nivel de cultura. Cando ti estudiabas a lección no libro, marcábache de aquí aquí para aprender mañá. Ti aprendías aquilo de carretilla¹⁹, ou quedándoche algo, pero algunhas de carretilla. Había unha filla dun garda civil, unha filla dun “pé picante”, e máis outra chavala máis “ta, ta, ta”. Ó chegar a min saltábame, non me preguntaba: un día, outro día, outro día, así. Todo porque o meu pai era conceghal e porque lle sacaron o aquel do...
- **P .-** Da casa
- Da casa. Todo!
- **P .-** Logo seu pai de que partido era?
- Meu pai daquela era socialista
- **P .-** Do partido socialista?
- Si, e cando os mariñeiros se sindicaron na CNT, meu pai foi presidente - pouco tempo- da Casa do pueblo, da Alianza
- **P .-** De Alianza mariñeira?
- Si
- **P .-** En que tempo, en que ano?
- Pois meu pai debeu ser no ano vinteoito; vinteoito, ou vintenove.
- **P .-** Un ano ou menos?

¹⁸ Refírese a escola infantil

¹⁹ De corrido



- Si, foi pouco tempo; despois viñeron outros. Meu pai nese tempo foi presidente dos mariñeiros. E sempre estivo aí; había huelgas²⁰ e Porque antes era unha escravitud²¹; os poblos era unha escravitud. A xente que tiña un pouco de capital ... Era unha escravitud. Bueno.
- **P .-** Si, a xente estaba moi asociada, non? Había moitas organizacións e sindicatos.
- Matou o da guerra. Matou o de Franco ... e matar, matar, matar, matar.
- **P .-** Mire, a parte de Alianza Mariñeira, que era como o sindicato dos mariñeiros...
- Había outra dos canteiros; de oficios varios. Sabes onde estaba?, sabes onde era a ayudantía? Agora xa non hai. Onde era a axudantía aí?, na calle Méndez Núñez? Ata non sabes onde era a ayudantía. A ayudantía, que era onde se presentaban os quintos para ir as quintas e todo; unha casa vella que está aí, ten un mastil²² cun tal que ten alí un couso. Sabes unha peluquería que hai aí, unha peluquería de homes que hai na calle Méndez Núñez?
- **P .-** Bueno, non me dou de conta, pero...
- A ver, sabes a xoiería Hemma?, para diante un pouquiño, está alí. Alí era... son unhas naves bastante fondas así; e era aí. E asociáronse os canteiros; porque aquí moitas casas de Cangas, non había canteiros, viñan de Xeve, que era terra dos canteiros, e estaban aquí os pobres coma emigrados, viñan aquí, durmían malamente nunha casa - moitos xuntos -, comían nalgunha taberna... facían unha vida, os pobres, para ghanar ó mellor dúas pesetas cada día, e traballando oito horas. Moitas casas de Cangas fixéronse de canteiros que viñan de por aí. De aquí non había nadie canteiro; viñeron os portugueses despois.
- **P .-** E foron o primeiro colectivo en agruparse?
- Claro que había. Cando por eghemplo, despois asociáronse tamén - xa foi máis tarde, xa foi no ano 32 ou 33 - cando se asociaron as fabricantas, as das fábricas
- **P .-** Pero as obreiras, as empregadas.
- As obreiras, e tamén as atadoras, as que preparaban os aparellos, tamén.
- **P .-** Pero tiñan a súa propia organización ou ...
- Non, non; todo estaba na Alianza
- E cando veu, cando había unha huelga...porque as huelgas sempre as planteaban os fulanos.
- **P .-** Os mariñeiros.
- Os mariñeiros; porque cos abusos que facían, cos abusos que facían coa xente! Que ían ó mar, por eghemplo, e aqueles aparellos que eran uns aparellos grandísimos, de algodón, que non cabían en dous carros de bois, -uns bois grandísimos, uns carros enormes-, non cabían alí. E por eghemplo, ías cun aparello, traíalo; había que lavallo e levalo a un tendal - todo o areeiro eran tendales, para tender os aparellos, aí para secar - e despois á tarde, para ir ó mar tiñas que collelo. E outro día pasaba igual, igual; entonces os mariñeiros querían... e máis había dous aparellos: un había que encascalo, metelo no tinte, porque senón pudríase.
- **P .-** Por que, tintábase?

²⁰ En adiante huelga = folga

²¹ Escravidude

²² Mastro

- Tintábase con casca.
- **P .-** ¿Casca de?
- Casca de alcornoque²³, que viña molida en sacos. E había que botala; encher as caldeiras de auga, - que as mulleres que se chamaban tangadoras (?) - as caldeiras de auga, de cento e pico de baldes de auga - das fontes, coller, ou do río cando viña- , e despois botaban esa casca de remollo e despois plantábanlle lume e facían como unha tinte e despois da que estaba a tinte -un pouquiño templadiño-, abrían unha billa, viña para un pozo e había que meter o aparello - un tramo -, e arrastra por un molinillo, e despois levar a tender.
- **P .-** E iso facíanlo cada día?
- Non, cada día non; de cando en cando. Entón as que facían iso eran as mulleres, pero os homes obrigábanlles. Bueno, unha esclavitú. E os homes chegaban de botar o peixe ás dúas da tarde; comer “a fogo morto”; ás cinco ter que estar a bordo outra vez, entón xa non..
- **P .-** Non tiñan tempo...
- A nada!. Horrible, horrible, horrible, horrible. Entonces claro, dixeron: “A ver, imos facer anque sean dúas veces ou tres no escuro”, porque ían de escuro - chámase escuro cando baixaba a luna; despois ata que era a luna chea, paraban, porque non... Hoxe péscase con luna e con todo, porque hai os radares, que antes cando había luna non se podía pescar... Bueno, que o peixe non andaba polo aquel -. Entón, por iso, “nada, nada, nada... hai que deixar...” porque eran todos de Cangas, todos, e total todos morreron na ruína; quero dicir, non sendo un ou dous, os demais todos, os fillos, bueno.... E foi cando veu este movemento²⁴, déronnos a escachar... vingáronse canto quixeron. E por iso xa, nada!. Para de barcos!, “ala! pois non vamos ó mar!”.
- **P .-** Esa folga, en que ano sería, máis ou menos?
- Eu acordo dúas: acordo unha que ata veu a caballería de Pontevedra. Era unha rapaza pequena eu.
- **P .-** Cantos anos tería daquela vostede?
- Eu tería daquela dez anos.
- **P .-** E xa foi por ese motivo? Querían traballar menos horas.
- Non menos horas.
- **P .-** Non facer esa parte do traballo.
- Non facer esa parte do traballo. Que tan sequera no escuro, que hai que ir tres veces, quen cargaba o aparello! Que o trae muller, ou que paguen xente... ¡nós non podemos!, que era, sabes o que eran?; uns aparellos ghordos... quen podía!, as mulleres rebentaban. Había unha chabola aquí onde está o “Enchufe”; había unha chabola que era dun tal Cheré, que era o millonario de Cangas, e as pobres das mulleres... había un carro alí, un carro aquí e enchían a rúa xa, e as pobres das mulleres alí...coa fame que tiñan ... ¡déixame en paz!
- **P .-** Entón esa folga cando usted tiña dez anos?
- Si, veu a caballería (ton de confidencia)

²³ Sobreira

²⁴ En adelante “movimiento” = refírese ao golpe de Estado contra a II República Española no ano 1936.



- **P .-** Saíu moita xente, facían manifestación tamén?
- Non, non, manifestación non. Manifestación non. Non.
- **P .-** Deixaban de ir ó traballo?
- Non traballaban. Entón claro, eles non querían que se asociaran as atadeiras nin as fabricantas porque era o parar a obra – que nós tamén parábase -. Fábricas paradas. E aparellos sen... E fíghate que xente mala...
- **P .-** Mire, e conseguíuse algo con esa folga?
- Si, si; conseguíronse, pero a conta de moita trahedia. E despois, fíghate que viña esa xente; daquela ghanaban seis reales as atadoras, e unha da fábrica ganaría tamén seis reales.
- **P .-** Daquela, tamén cando usté era rapaza?
- Cando era rapaza. Si, daquela ganaría seis reales unha atadeira. Pois preferían pagar dúas pesetas ou dúas cincuenta e íbanas buscar a Baiona, atadeiras, - que había barcos da ardora en Baiona tamén -; de Baiona, de Redondela... pois preferían traer chambonas que non sabían, porque aquí había mulleres, que ás veces traían unha avaría - porque había avarías que se rompían os aparellos, que era moito peixe - e non se zafaban. Pois preferían ter mulleres que non sabían o “e”, antes de dar o brazo a torcer; anque unhas quixeran, anque algún quixera, outros non, e cando era o apogheo...
- **P .-** E por que non querían contratar ás de Cangas?
- Porque elas ... non van os mariñeiros ó mar, pois nós tamén! Brazos caídos.
- (...) eles fixeran folga ou...
- Ó estar unidos todos nun sindicato: as mulleres, as fabricantas... “Non van os mariñeiros ó mar, nós tampouco, non traballamos”. Porque todo era do mesmo ramo: a conserva do mesmo ramo, os aparellos do mesmo ramo. Miña nai era a presidenta das mulleres, préndena!
- **P .-** Das fábricas?
- Non, das atadeiras. No ano 32 prenden a miña nai. Aí vai miña nai presa para Pontevedra.
- **P .-** De que a acusaban?
- De que era que era a promotora da huega, que era ela.
- **P .-** E non eran legais as folgas?
- Nooon. Non eran legais. Non se podían ter huelgas. A huelga era ilegal, a huelga era ilegal. Mimá dunha huelga...
- **P .-** E canto tempo estivo presa?
- Desa vez estivo pouco; estivo unhas horas nada máis, e soltárona, pero a cousa seguiu.
- **P .-** Pero que...multárona ou algo?, ou acusárona dalgunha cousa?
- Non, non, ¿acusárona de que?, ¿de que? A acusación que lle fixeron, que disque a miña nai cando iba pr’o traballo que arengaba ás compañeiras, que co motivo de asociarse as mulleres que a tivo ela. Claro, miña nai cando ía para o almacén, estaban na porta as rapazas, pois falaban das súas cousas; e todo lle escribiu, que era unha coaccionadora, que unha..
- **P .-** Unha instigadora.



- Unha instigadora a que se asociasen todas. Meu pai daquela andaba en Vigo, que non andaba en Cangas, ó mar; andaba en Vigo que era patrón de costa. Botaba toda a vida en Vigo, ten botado nun barco oito anos, sete anos. Bótano fóra do barco, bótano fóra do barco.
- **P .-** En que ano? Foi antes ou despois do das folgas?
- No ano... máis ou menos, vouche dicir: cando miña nai despois a prenderon de segunda volta, - por dúas veces estivo presa miña nai antes da guerra, no ano 33 ou 34 sería iso - e meu pai andaba en Vigo: sempre tranquilamente con todos os barcos, en paz con todos os amos, andaba ó mar tranquilamente. Foi un día cobrar e díxolle o amo que non volvera máis, sen ton nin son, así, ¡botábante fóra coma se nada!. A el e a outro señor máis.
- **P .-** Non lle deron ningún motivo?
- Nada, nada, nada, nada, nada.
- **P .-** E sospeitaba algo o seu pai?
- E despois claro, porque en Vigo xa había sindicatos; estaban sindicadas as conserveiras de Vigo, de Redondela... e en Cangas non había sindicatos de mulleres, entón claro...
- **P .-** E ao mellor como sabían a ideoloxía do seu pai...
- Claro, claro, claro, claro. E despois, cando veu a guerra, foi cando o machacaron máis. Que meu pai botou. Bueno. E entón claro, vai pedir traballo: “onde hai unha praza, Rodal, onde hai unha praza, en tal sitio”. Iba e xa, eles xa, porque eran moi unidos, “A ese non lle fagas sitio, aquel...” Meu pai foi a catro ou cinco barcos e nada; despois foi a un, e si, inda botou ata, era o 32 ata o 35 ou así, inda botou. Despois veu pa Cangas, como os meus primos os Blancos tiñan barcos, - tiñan barcos non, patroneaban eles barcos de forasteiros -. Todos os meus primos: tres ou catro primos eran patróns todos, e despois andivo aquí, ata que veu o movemento.
- **P .-** E a súa nai volvérona prender de segunda volta, canto tempo estivo?
- Si, de segunda volta. Desa botou tres días.
- **P .-** Foi un ano despois, ó mellor no 33, así, ou cando?
- Si, no 33, sería, no 33, ou case no 34, xa era eu unha media pollita. E así, e despois meu hermano... Tiña dous hermanos.
- **P .-** Canto tempo estivo presa nesa segunda vez?
- Botaría uns días. Tres días nada máis ou así. Logo veu pa casa. En Pontevedra. E tiña dous hermanos: andaba á escola, miña irmán andaba á escola. Eu aínda acordo os meus irmáns andar á escola, aínda teño fotografías de cando andaban á escola os meus hermanos; nos Barreiros, onde hai ese edificio, non sabes no camiño do cemiterio ese edificio branco de moitos pisos, que hai así bonito? Pois aí era a escola. Non era nada pequeno, era con dous pisos arriba, e tiña abaixo...
- **P .-** Era de homes solo?
- De homes, esa era de homes, e meus irmáns estiveron aí. O maior estivo case ata os quince anos na escola, porque meu pai non quería que fora ó mar, non quería que fora mariñeiro; e como era un rapaz un pouco adiantado - era bastante, moi intelighente- había unha farmacia, aí, no baixo que che digo eu, - onde o comercio de Indalecio-, había unha farmacia aí, - que farmacias en Cangas había dúas: unha no muelle, outra na calle Real, que é a que existe aínda, e esta tres... -



- **P .-** A ver, cales eran?, de quen era cada unha?
- A do muelle era das de Haz, de Eduardo de Haz; a da calle Real era de, xa non me acordo o outro, don Gustavo; Gustavo non, como se chamaba de nome?. Era un home moi feo el, moi así; que a tiña naquela casa fronte a igrexa, que é de pedra, pegada con aquel comercio .. entre un comercio e o outro, non sabes onde tiveron os Quicos a pastelería? non sabes a das Chaveiras, onde venden... aquelas que son solteironas: o ayuntamiento vello, hai un comercio de calzado, pois a outra casa, aí é a farmacia, e de aí veu para aí. Iso antes da guerra, moito antes da guerra. Don que?, dios mío, non me acordo. Non me acordo
- **P .-** Bueno, o que foi se trasladou para aquí, non?
- Quen?
- **P .-** O da calle Real, non me dicía?, despois veu para aquí
- Non, non, puxeron outra farmacia.
- **P .-** Ah, outra!
- Había no muelle unha, onde (...) bares todo por aí. E había aquí outra e na calle Real outra. Nin no Forte, nin no Hío nin en Aldán, nada, nada; era así. Pero daquela entraba menos xente nunha farmacia ca... porque a xente non tiña pa curar; tiñas unha enfermidade e non tiñas pa curarte. Ibas a un médico, recetábache, ¿e que?, ¿que che daban alí?: unhas pastillas. ¿Pastillas de que?: gharabes, p' o catarro - facían eles os gharabe -. Unha farmacia tiña, sabes o que tiña? Cacharros de porcelana de adorno, que non tiña, non había, e catro... “Venga usted más tarde que la voy a componer”. E ungüentos, vaselina, tintura de iodo, alcol, pastillas para as lombrices... E os gharabes todos facían alí. Non había nin inxeccións, nin vitaminas nin diso nada. E tiñas unha enfermidade que che facía falta unha medicina, que che facían falta catro ou cinco duros e non tiñas. Non tiñas cartos pa curarte. Doíache unha muela, “¡Ai mamá o que me doe esta muela, mamá!”, “Ai, dálle tal, bótalle cal”. Había unhas cousas na farmacia que botabas na boca e xa rebentabas, xa che estralaba a muela con todo. Ai mamá....!
- **P .-** Non a ías quitar nin nada?
- E que! Levábanche unha peseta por quitala, ¿e onde tiñas a peseta para quitala?. E quitábacha.... non había un dentista; un practicante que había aquí, que era peluquero, metíache a tenazas e... a min non me fixera falta ir, na miña casa non era... O irmán que me mataron si, era bastante delicadiño de dentes, bueno.
- **P .-** Estábame contando do seu irmán.
- Meu hermano, como meu pai non quería que fora ó mar, e el oficio de terra non quería. Meteuno ..
- **P .** E cal dos seus irmáns?
- O maior, o que teño en Francia, que ten agora ochenta e catro anos.
- **P .-** Era o maior de todos.
- Non, o outro maior xa morrera, pero bueno el era o maior.
- **P .-** Ese é o que se chama José?, o que me dixó antes o nome?
- Pepe. E foi de mancebo para... porque ese señor era de Santiago, tiña familia en Santiago e veu establecerse aquí. Chamábase don Benito Bercero Quijada, apellidábase, e era farmacéutico, e era analista, quero dicir; sabía compondor el medicamento, era un boticario bastante experto. Entón como tiña familia en Santiago e non querían vir pa



puerto de mar, e cando lle dixo que tiña o mar a... porque antes desde a de Indalecio ata o mar, atravesabas a carretera e xa estaba mar, non é como agora, atravesabas a carretera e xa estaba mar, estaba a praia aí. E a muller como padecía moito de bronquios non viña, entón el facía a vida aquí, non sei en qué fonda comía; durmir durmía aí, tiña para atrás cama, cociña e todo e durmía aí. E meu hermano pois foi de mancebo²⁵. E despois cando el, que coa muller se puxo maliña - que padecía moito de bronquios e iso -, despois el trasladouna... Non sabes onde está a ferretería esa, de Gina?, antes de chegar á Caixa de Aforros, está a ferretería aí. Pois aí era unha casa baixa, dunha planta sola, coma un cuartel, dunha planta sola, mirábase o tellado desde abaixo, e aí, puxo a farmacia el. Porque de aquí botárono; estableceu un ultramarinos un fulano aí. Foi para alí, que era máis soleado e estaba o mar... foi para alí. E púxoselle a muller moi mala. Entón, meu irmán seguía aí, e viu unha tal Carmen Peleteiro, farmacéutica, unha chavala moi guapa, - e fíghate ti por onde que a vin a mirar este ano polo Cristo!, eu así que a mirei, xa a coñecín - pois disto hai, sesenta e dous anos polo menos

- **P .-** Pero non era de aquí, ela?
- Era de Santiago, de Santiago.
- **P .-** E quedou aquí ela como..?
- Non, non; ó traspasar a farmacia ese señor, ela veu colleu, - parece que a estou mirando, ¡era guapísima!-, colleu a farmacia, claro, pero como non estaba a muller aínda moi práctica tal, así moi acostumbrada a este ambiente... (cambia de acento) falaba un aldeán!, falaba así!, falaba galego cerrado, falaba moi cerrado; e despois o meu irmán púxo un pouquiño en práctica.
- **P .-** Por que o seu irmán xa aprendera, non?
- Claro, xa levaba tres ou catro anos con el. E o señor trouxo a madre e o padre que tiña, que xa eran vellos, bastante vellos, - sempre estaba nun sillón aquel señor; tiña unha porta fronte á plaza, así, pola parte de alí, e estaba sempre ó sol alí -, e despois o señor como puxo outra vez farmacia en Santiago, en Los Ángeles²⁶, na aldea de Brión - a catro quilómetros de Santiago -, entón chamou outra vez ó meu hermano, e meu hermano foi para alí, ata que foi para o servizo, ós vinte anos.
- **P .-** Para alí?
- Para Santiago, levouno don Luís, o antigo señor. Queríalle moito, tiña unha filla e un fillo. Queríalle moito. Xa eran pollitos, xa non sei se morrerían xa, eran maiores ca min. Entón foi p' alá, e cando veu pa o servizo, pois veuse, e tivo que ir ó servizo. Marchou.
- **P .-** Con que anos se facía?, de que anos?
- Dezanove anos, case vinte, porque foi no último reemplazo²⁷, e case vinte, dezanove anos. Eu tiña cando marchou el, tiña trece; inda non tiña catorce anos cando marchou el. E funo mirar, funo mirar despois; cando o mirei, que anos tiña? Cincuenta
- **P .-** E de dezaioito ou dezanove anos, cando marchou para o servizo, ¿non o viu? Tiña vostede trece ou catorce!

²⁵ Refirse a aprendiz

²⁶ Os Ánxeles, concello de Brión

²⁷ Pode que se refira a recrutamento



- Eu tiña trece, catorce anos tería eu, catorce, e el tiña dezanove. El era o maior, porque despois teño dous hermanos entre el, e eu hai dous hermanos antes ca min. Ou había, que agora xa non están, un xa o mataron
- **P .-** E por que non o viu?
- Porque viu a guerra, estallou a guerra; faltáballe para cumprir a guerra... A guerra foi en ghulio e el cumpría en setiembre as quintas, e porque non quixo que lle meteran... que meu pai tiña amistades e podían traelo pa Vigo, p'ái, pa base naval de... el non quixo nada, “pa pa pa, vou á miña suerte”. E despois a el mandárono pa Cartaghena, e iba cumprir. Ven a guerra; Cartaghena queda pola parte de roghos, Galicia queda pola parte de aquí, xa non tivemos comunicación con el hasta que, hasta que, hasta que (subindo o ton da voz).
- **P .-** Ata que tiña corenta anos, el?
- Tiña eu cuarenta e seis anos
- **P .-** E el máis
- E el cincuenta
- **P .-** Pero non souberon del nese tempo?
- Soubemos pola Internacional. Escribía unhas “carteritas”, unhas cousiñas de vez en cando. Pero el na guerra, algúns de que copaban, outros que se cambiaban de Cangas, pois contáronlle o que pasara aquí, e el nunca quixo vir acá. Cando se acabou a guerra, que se perdeu, que quedamos arruinados, que se perdeu todo, que Franco gañou a guerra, que entraron, que mataron, que esfolaron, entón el... Un primo meu morreu alá, que era cabo telemetrista, e entrou unha bomba no pañol estando o barco en terra - xa daquela xa ghañaban os fascistas, xa dominaban todo todo o Mediterráneo os..... -
- **P .-** E el morreu alí, no mar?
- Non. Un primo meu si, un primo meu si morreu; foi a quitar unha bomba que caíra dun avión, estaba sen estallar, e el quixo ir abaixo á bodega e co fume asfixiou e xa morreu alí. E el non quixo vir.
- **P .-** E como se chamaba?
- Bernardo Blanco
- **P .-** Bernardo Blanco, ¿que mais?
- Bernardo Blanco Rodal; é ó contrario dos meus apellidos, eu son Rodal Blanco e el Blanco Rodal.
- **P .-** Ese enrolouse na
- Non, non, foi antes da guerra. Xa foi dous anos ou tres antes, foi, era mellor có meu hermano. Foi voluntario; foi voluntario para a Marina. Gustáballe moito o mar. E o meu hermano pois non quixo, non quixera de ir, embarcaron cando... despois xa todo terminou. Embarcárono na... porque el andou todo o tempo embarcado, embarcárono nos barcos e marcháronse e leváronos ó desierto de²⁸... cerca de Túnez.
- **P .-** A seu irmán?
- A meu hermano. E de aí as peripecias do mundo; de aí foron a...
- **P .-** Entón aínda lle tocou algo da guerra.

²⁸ Posiblemente se refira ao deserto do Sáhara.



- Toda a guerra! El botou toda a guerra; despois de luchar en España os tres anos. Despois de terminar a guerra española, que empezou no 36 e acabou no 39, viu a guerra europea²⁹.
- **P .-** Foi tamén alá?
- El non; el ó terminar a guerra española leváronos alí cerca³⁰ nos barcos e estiveron alí. E da que chegaron alí, como os alemáns avanzaban como locos por todo - os italianos e os alemáns -; os italianos puxéronos - eran setecentos e pico de homes, ou oitocentos - a facer carreteras, trincheras polo desierto, todo; cheos de fame, cheos de piollos, cheos de non sei que. Cincuenta veces bombardeados; porque non os querían, que eran roghos, porque os alemáns e os italianos andaban polo desierto para.. saían de Italia, atravesaban o mar e xa se caían alí, e bombardeábanos. E despois, cando terminou a guerra europea, viu para Túnez e foi para un hotel, pero pasou mil peripecias; viu pa un hotel, tiña moita confianza, nun ano, outro, outro, e que foi de ghefe de cociña no hotel, que a el dábaselle moi ben a cociña, e conoseu a unha italiana, - que estaba aí, unha familia italiana - casouse, e despois de estaren uns anos en Túnez, subiu a Francia a [O Tène?], unha vila interior. Agora están cerca de Marsella, están en Avignon, viven en Avignon. Fun o ano pasado a estar eu con el.
- **P .-** Quedou a vivir alá, en Francia, coa muller?
- Claro, quedou en Francia e alá está.
- **P .-** Mire, e el pasouse de bando?
- Non, non, non. El colleuno a guerra alí, que estaba cumprindo o servicio coa República, faltáballe.. a guerra terminou..
- **P .-** Entón luchou no bando dos republicanos
- Claro! Estivo no bombardeo do Baleares³¹, no barco ese.
- **P .-** O Baleares era franquista? E el participou cando foi diso?
- Claro, que el era un mandado
- **P .-** E onde foi?, foi no Mediterráneo, alí?
- Non, foi aquí; foi no estreito. No estreito, foi no estreito
- **P .-** E contou algo de como foi?
- Si, claro, contou. A min xa non me acorda o que me contou, porque foi da primeira vez que mo contou. Pero cantas (..) Dios mío, o que é a guerra, o que é a guerra, Dios mío! Que desastre é a guerra! Aqueles homes polo aire. Pero eles tiñan que facer o que lles mandaban, porque el non era nada.
- **P .-** E non o colleron nin lle pasou nada?
- Non, non. El tense visto por moitas veces a morte ós ollos. Pero sempre tivo suerte, sempre. Sempre se salvou. E mentres tanto el estaba alá. Franco deu unha orden: que todos cantos tiñan xente na parte rogha que tiñan que mandalos vir, senón que se lle prendían ás familias; e pola radio falábanlles ós que estaban alá, porque eran moita xente!
- **P .-** Iso que foi, o primeiro ano xa, no 36?

²⁹ Refírese á II Guerra Mundial.

³⁰ Refírese ao “deserto cerca de Túnez” ao que fai referencia uns parágrafos máis arriba

³¹ Refírese ao Baleares, un cruceiro da Marina Española que interviu a favor do bando nacional durante a Guerra Civil

- Non, foi no 37 xa iso, foi a terminación do 37; porque ó meu irmán matáronmo no 37 e eles xa levaban cinco meses presos. Foi á terminación do 36
- **P .-** A ver, a quen prenderon?
- A quen prenderon? na guerra? Primeiro, cando veu a guerra, primeiro, meu pai estaba na peluquería, prenderon ao meu pai; levárono para onde é a Casa do Mar vella - que era un... aí na Casa do Mar vella, que era así baixiña, chamábase “o instituto”, e era así como un dispensario, non me acordo que había aí: eu acordo unha escola, a de doña Anita, e despois non sei o qué era - ; metéronos aí, meu pai estaba preso, meu pai daquela era do ayuntamiento.
- **P .-** Porque era conceghal daquela?
- Daquela xa non era conceghal, ¿ou era?, ¡ai, si!, era conceghal. Había un tal Don Agustín, que tamén o mataron; Don Agustín Jorge Cheverri, que era de Santiago, estaba de médico en Cangas - de médico general - ; e había un tal Corvacho, que tamén o mataron.
- **P .-** Que eran?
- Corbacho era conceghal; Taratola era teniente alcalde; Búa - que non era de Cangas, era de Vigo-, era o secretario; e un tal Angel del Río, que era peluquero, era conceghal.
- **P .-** Ángel Fernández del Río?
- Si, peluquero, era conceghal, e Jesús Barreiro, non sei o outro nome, Jesús Barreiro non sei que, ¿ como che diría eu?, é o abuelo de Pelotitas, do que ten o Batel, abuelo..
- **P .-** Todos eran conceghales, e o alcalde quen era?
- O alcalde era ese médico que che digo eu, que era de Santiago; era guapo, era guapo, era un home...prendérono! (...)